

# **PLAN DE IGUALDADE**



**CEIP.PLURILÍGÜE JULIO GURRIARÁN**  
**CURSO 22-23**

## **PLAN DE IGUALDADE DO CEIP. PLURILINGÜE JULIO GURRIARÁN**

### **ÍNDICE**

1. INTRODUCCIÓN.
2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO.
3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA.
4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN:
  - 4.1. PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.
  - 4.2. PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO.
  - 4.3. PROMOCIÓN DO RESPECTO POLA DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL.
  - 4.4. PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE LGBTIFOBIA.
5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS:
  - 5.1. ORGANIZACIÓN DO CENTRO.
  - 5.2. ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOSSABERES.
  - 5.3. XESTIÓN DOS ESPAZOS, DOS RECURSOS E AS OPORTUNIDADES DE REALIZACIÓN VOCACIONAL DE XEITO INCLUSIVO.
  - 5.4. INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR.
6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.

## 1.- INTRODUCCIÓN

A realidade do noso centro é que cada ano incorpóranse alumnado novo procedente de distintos países, con diferentes competencias curriculares, motivacións, intereses, estilos de aprendizaxe, ambientes e contextos socioculturales e que se atopan en distintos momentos de desenrolo somático e psicolóxico.

Estamos vivindo tempos e momentos de incertidumbre e difíciles para eles, polo tanto, necesitamos proporcionarlles estabilidade emocional, inclusión escolar e igualdade de oportunidades para chegar a ter os dereitos da infancia que lle corresponden.

Propulsamos actuacións en relación a igualdade entre nenos e nenas en todos os sectores: dereitos, oportunidades, xogos, xénero, valores, participación, etc

Co plan de igualdade axeitado ao noso centro basearase nos principios de valores democráticos, transversalidade, inclusión, igualdade de oportunidades e visibilidade.

O centro educativo axuda á construción dunha sociedade libre na que nenas e nenos teñan as mesmas oportunidades de realización persoal e profesional.

A coeducación será o punto de partida para traballar en igualdade en todos os ámbitos.

## 2. - CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO.

O Plan de Igualdade está relacionado con Plan de atención á Diversidade (PAD), Plan de Acolloida (PA), Plan de Acción Titorial (PAT), Plan de Convivencia e Plan de Orientación do centro porque parte dos obxectivos educativos complementáanse.

A finalidade deste Plan é a integración e a normalización da diversidade afectiva e sexual, xa que ningunha persoa debe sufrir ningún tipo de discriminación no ámbito educativo nin social.

No plan de igualdade temos en conta os seguintes **principios**:

- **Transversalidade**: na igualdade de xénero.
- **Sociedade igualitaria**: na que homes e mulleres sexan iguais empregando a educación como medio para combater todas as formas de discriminación.
- **Propulsar a violencia 0 nas aulas e na sociedade**: é imprescindible a sensibilización e a concienciación na comunidade educativa do problema da violencia de xénero na nosa sociedade e a loita pola súa total desaparición.

- **Poñer en marcha as medidas de prevención, detección e intervención** ante posibles casos de discriminación, acoso escolar, violencia de xénero ou maltrato infantil por identidade de xénero.

- **Favorecer a non-discriminación e a eliminación de estereotipos** para facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, e das actitudes en comportamentos xenófobos e racistas.

- **Inclusión e integración da diversidade** para buscar a igualdade de dereitos e oportunidades entre nenos e nenas.

### **MARCO NORMATIVO:**

*.- Instrución do 6 de setembro de 2019, da dirección xeral de educación, formación profesional e innovación educativa, para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019/2020, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da consellería de educación, universidade e formación profesional.*

*.- DECRETO 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.*

*.- ORDE do 12 de abril de 2019 pola que se establece o procedemento de recoñecemento e validación previsto no Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, e se regula o Rexistro de persoal docente acreditado para impartira formación en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero (códigos de procedemento SI500A e SI500B).*

*.- Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.*

*.- Constitución Española: artigo 14, co que se recoñece formalmente a igualdade ante a lei por razón de sexo; artigo 9.2 que asevera a obriga dos poderes públicos de promover as condicións para que esa igualdade sexa real e efectiva.*

*.- Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia: artigo 4.2 na defensa da igualdade.*

*.- Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade: artigos 17, 18, 22, 23, 24, 25 e 26.*

*.- Resolucións aprobadas pola Unión Europea sobre igualdade de xénero.*

*.- Preámbulo, artigo 1 e 2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

*.- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade de mulleres e homes, artigos 23 e 24.*

*.- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia*

*.- I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020*

**.- Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, de 7 de decembro,** polo que se regula a **atención á diversidade** do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.

### **3.- ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGTBIFOBIA.**

Partimos, tendo en conta, os desequilibrios sociais de igualdade e xénero que detectamos no centro derivado da diversidade de culturas nas distintas familias.

O noso alumnado é multicultural, de familias refuxiadas, con descoñecemento dos idiomas, con distintos status sociais e isto supón un maior esforzo por parte do profesorado para encontrar un equilibrio en valores, igualdade, inclusión e convivencia.

Estas características influen negativamente nos **resultados académicos** por tratarse de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e pola súa vulnerabilidade ao grao de inclusión no seu grupo de referencia.

Tendo en conta a idade do noso alumnado, promovemos accións positivas de respecto e resiliencia cara á **LGTBIFOBIA**.

Na biblioteca do centro e no Departamento de Orientación, dispoñemos de recursos, para prestar as familias e alumnado, de cara á coeducación, sexualidade e violencia de xénero para incrementar a concienciación e sensibilización.

A prevención da violencia de xénero no entorno familiar e escolar a traballamos cada día, buscando solucións, en cada actuación do alumnado para buscar a igualdade entre alumnos e alumnas.

A través do **PLAN DIRECTOR, Plan de sensibilización dos Servizos sociais e Cruz Vermella**, solicitamos a **prevención da violencia de xénero, acoso escolar, risco en internet e xestión emocional e convivencia, co fin de buscar un equilibrio de igualdade**.

### **4.- OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN:**

O noso desexo como profesorado é lograr unha escola coeducativa traballando os seguintes obxectivos:

4.1.- Traballar e promocionar a **igualdade de oportunidades entre mulleres e homes** buscando a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa.

4.2.- Prevención, detección e intervención en casos de **violencia de xénero** dende o seno familiar en coordinación cos servizos sociais, policía municipal e garda civil do Concello.

4.3.- Promoción do respecto pola **diversidade afectivo-sexual**, educando desde a diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e respectuosas, e para unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual, e afectiva eliminando os estereotipos.

4.4.- Prevención, detección e intervención na aulas de **LGTBIfobia**, si é o caso a través da Titoria, Equipo Directivo, Orientación e Plan Director.

4.5.- Elaboración de **protocolos de actuación** para dar resposta ás necesidades dos alumnos (prevención, identificación, atención, intervención ou denuncia) co fin de atender as súas realidades e necesidades.

Co “**Decálogo da coeducación**” que nos lega Elena Simón Rodríguezna “Guía para a boa coeducación das nosas fillas e fillos” e “A igualdade tamén se aprende, cuestión de coeducación”. Edicións Narcea SA, 2010, completamos os obxectivos a conseguir cos que estamos totalmente dacordo.

1- A coeducación é a mellor e máis moderna fórmula que coñecemos para que as nenas e os nenos medren pensando e comprobando que as mulleres e os homes son seres humanos completos e equivalentes, que solo distínguense polos seus órganos sexuais e de reprodución

2.- A coeducación rectifica os aprendizaxes incompletos que antes tiñan homes e mulleres, cos que non podían ser autónomas elas por non poder ni saber gañarse a vida e eles por non saber atender e cubrir as súas propias necesidades cotiás, afectivas e vitais.

3.- A coeducación pretende que as nenas e nenos aprendan todo o necesario para coidar e coidarse e para estar en disposición de poder ganarse a vida.

4.- A coeducación intenta que as nenas e nenos poidan xogar e divertirse con calquera xogo o entretemento, sen sufrir rexeitamentos, ni elas ni eles.

5.- A coeducación procura o respecto aos gustos e necesidades singulares propias e alleas.

6.- A coeducación da oportunidade para as boas relacións e a comunicación satisfactoria, sen abusos por parte de ninguén.

7.- A coeducación é garantía de corresponsabilidade e cooperación para terminar cos los papeis de mulleres ou de homes en exclusiva e para facer posible un satisfactorio proxecto propio de vida seguindo as calidades persoais.

8.- A coeducación prepara para unha vida de relación humana xusta, pacífica e saudable

9.- A coeducación fai máis fácil a elección de estudos, oficios e profesionais sen atender ao sexo co que se naceu, sino en base as calidades e gustos como persoa.

10.- A coeducación considera “o feminino” e “o masculino” en igualdade de trato e de condicións, para que o poidan aprender e apreciar tanto as nenas como os nenos.

## **5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTE ÁMBITOS:**

### **COORDINACIÓN E COLABORACIÓN**

As medidas de actuación as traballamos, no colexio, en **coordinación entre o Equipo Directivo, Departamentos de Orientación, Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP), Titores, Especialistas e ANPA si fose o caso.**

Tamén traballamos, en coordinación e colaboración, coas actividades de sensibilización realizadas dende **O Concello, Cruz Vermella, Policía Local, Deputación, Garda Civil** u outros organismos externos ao centro.

#### **5.1. ORGANIZACIÓN DO CENTRO.**

- Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.

- Elaborar programas combinados para nenos/as con necesidades educativas. Execución de programas individuais, rexistro e información sobre o seu desenvolvemento e preparación de material específico para realizar actividades educativas de igualdade dentro da clase ordinaria. Os agrupamentos serán flexibles de xeito que os alumnos/as poidan desenvolver mellor as súas capacidades, aprendan a compartir, valorar e respectar as diferentes opinións dos demais.

- Transferir aos país/nais, a través do consello escolar, blogs, páxina web do centro e redes sociais, o noso modo de traballar co alumnado actividades non discriminatorias para que o fogar de cada neno/a se forme na igualdade.

- Traballar actividades relacionadas cos valores de igualdade, respecto, liberdade, empatía, resiliencia, etc para previr nun futuro a violencia de xénero.

Exemplo: celebrar o **25 de novembro o día dos dereitos do neno e o 8 de marzo o día da muller traballadora**, con actividades coeducativas propostas polo Concello.

- Apoio ao alumnado vítima de violencia de xénero e ás persoas que vivan nos seus fogares esta situación. Traballarase en coordinación con servizos sociais, policía municipal, garda civil e xustiza.
- **Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar como coordinación do Concello e ANPA co colexio.**
- Difundir este plan entre todas as persoas da comunidade educativa .

## **5.2. ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOS SABERES.**

- Realizar actividades de sensibilización na aula e a través da biblioteca, construíndo un libro para incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero, para completar e mellorar a historia da humanidade.
- Realizar actividades a través de vídeos, charlas, debates, material impreso, etc, de información e sensibilización na aula, colexio e familias.
- Practicar xogos e actividades deportivas con agrupamentos heteroxéneos na educación física cun carácter estereotipado.
- Fomentar os recreos activos e inclusivos partindo dun PFPP para levalo á práctica con responsabilidade coeducativa.
- Debater na aula, polo/a titor/a ou Orientadora, sobre sexualidade, afectividade e a súa diversidade, fomentando o respecto e a tolerancia cero.
- Elaborar un taboleiro na aula para pegar suxerencias do alumnado e realizar actividades coeducativas en pequeno grupo, posteriormente expoñelo e debatelo na aula.
- Conmemorar as datas máis significativas:
  - ✓ 25 de novembro (Día internacional contra a violencia cara ás mulleres).
  - ✓ 10 de decembro (Día internacional dos dereitos humanos).
  - ✓ Antes do Nadal realizar unha campaña do xogo e xoguete non bélico e non sexista.
  - ✓ 11 de febreiro (Día internacional da nena na ciencia).
  - ✓ 8 de marzo (Día mundial da muller).
  - ✓ 15 de maio (Día internacional da familia).
  - ✓ 17 de maio (Día internacional da LGTBI\*fobia).

## **5.3. XESTIÓN DOS ESPAZOS, DOS RECURSOS E AS OPORTUNIDADES DE REALIZACIÓN VOCACIONAL DE XEITO INCLUSIVO.**



-Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar, como préstamo para levar a casa e traballar a coeducación na familia.

- Favorecer o desenvolvemento da autoestima do alumnado a través de actividades inclusivas a nivel aula e centro, que promovan a empatía, a expresión das emocións, a aceptación das diferenzas e as técnicas de resolución de conflitos.

#### **5.4. INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR.**

-Iniciación e formación da mediación nos alumnos de 5º e 6º de Ed. Primaria dende o equipo de mediación (Titores, Equipo Directivo e Orientadora) para aprender a mediar. A modo de representación serán mediadores voluntarios e con aptitudes, un neno e unha nena de cada aula (4 aulas), cun total de 8 mediadores, dando exemplo para aprender a xestionar as emocións ante os diversos conflitos que poidan xurdir nos recreos e comedor escolar, para poder axudar aos compañeiros a resolver conflitos de forma imparcial mostrando interese a través da linguaxe non verbal (sorrir, asentir, manter o contacto visual, etc.)de maneira que non perda ninguén e todos saian ganando.

- Propulsamos actuación,co o exemplo, en relación á mellora da convivencia e a resolución pacífica de conflitos no marco dunha escola plural, democrática e igualitaria fomentando valores como: respecto, asertividade, resiliencia, empatía, solidariedade, cooperación, xustiza, tolerancia, liberdade...).

- **Prevención de riscos en internet, violencia de xénero** a través do **PLAN DIRECTOR**, que inciten á violencia para traballar nas redes e xogos de forma crítica e positiva.

- **Prevención da violencia de xénero en 5º e 6º de primaria** con charlas informativas **dende Servizos Sociais** do Barco promocionado polo ministerio da presidencia, relaciones coas cortes e igualdade.

- Favorecer o uso do diálogo, como alternativa a outras respostas ao conflito, como por exemplo á diversidade sexual, de xénero ou a sumisión.

-Aprender a escoitar e a colocarse no lugar do outro para poder comprender as súas emocións,necesidades e intereses.

- Ensinar aos alumnos a traballar nas novas tecnoloxías de forma equilibrada, crítica e sen violencia para aprender accións positivas cara uno mesmo e os demais.

- Coordinación, mediante táboa de puntos con items, cos alumnos e cos país/nais para facilitaraos seus fillos técnicas de autocontrol para conseguir e mellorar o equilibrio emocional cada día.

- Mellorar as habilidades sociais e comunicativas entre todo o alumnado para sentirse ben consigo mesmo e que os alumnos sexan capaces de acudir a aula da convivencia (Orientación) por iniciativa propia sempre que o crean necesario.

## **6.- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.**

Os valores coeducativos como a igualdade, dende sempre, os traballamos no centro mais era necesario un Plan onde recoller por escrito, os obxectivos, actuacións, coordinacións, colaboracións, valores, actividades e melloras, do traballo ben feito cada ano.

Para asegurar o éxito do Plan de Igualdade, é necesario definir estratexias de avaliación que permitan valorar dunha maneira sistemática e rigorosa o alcance real de ditas actuación e ofrecer información relevante para orientar a toma de decisións de cara a potenciar os logros.

**Consideramos, o xogo** como o principal **medio de aprendizaxe** e de socialización máis interesante da infancia. No xogo proxéctanse, asésmo, os estereotipos e modelos imperantes nunha comunidade determinada.

O grao de agresividade, o tipo de relacións entre as persoas de distinto sexo, o carácter autoritario, etc. Se procurará que nenos e nenas compartan xogos, evitando a formación de grupos cerrados e que se vete a participación da persoa por razón do seu sexo, raza ou cultura.

Os agrupamentos espontáneos onde haberei casos de segregación, pódense tomar como referentes para facer un análises máis detallado dos mesmos, insistindo na necesidade de facilitar a integración de nenos e nenas nos mesmos.

Nas clases prácticas de **Educación Física e nos recreos** son os momentos que mellor podemos aproveitar para observar as súas condutas e poñer solución en cada caso no momento que xurde, ben a través dos mediadores ou profesorado.

### **PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN:**

Esta avaliación debe constituír en si mesma un proceso de formación e contribuír a desencadear novos procesos formativos que faciliten a comprensión das prácticas levadas a cabo e a valoración do seus efectos.

Por isto, as avaliacións que se realicen deberán dar resposta a cuestións como:

- O grao de consecución dos obxectivos establecidos.
- Actividades programadas e os recursos previstos para alcanzar os obxectivos.
- A eficacia dos mecanismos de coordinación e organización interna.

### **PROPOSTAS DE MELLORA**

O noso obxectivo é mellorar cada ano o Plan de Igualdade facendo fincapé na **igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, prevención da violencia de xénero, sensibilización coa diversidade afectivo-sexual e LGTBifobia**. O traballamos partindo do principio de coeducación para todo.

Propóndemos, lecturas coeducativas da aula e do centro e ademais as seguintes:

- [orientaciongurriaran.jimdofree.com](http://orientaciongurriaran.jimdofree.com)
- Contos coeducativos:  
<https://www.inmujer.gob.es/areasTematicas/AreaEducacion/MaterialesDidacticos/docs/CuentosCoeducar.pdf>
- O alma dos contos:  
[http://associacioperlacoeducacio.org/wp-content/uploads/2018/02/El alma de los cuentos.pdf](http://associacioperlacoeducacio.org/wp-content/uploads/2018/02/El%20alma%20de%20los%20cuentos.pdf)
- <https://mariangelesalvarez.com/igualdad/relacion-de-control-o-igual/el-maltrato-sutil/>
- <http://www.juntadeandalucia.es/iam/catalogo/doc/iam/1999/14110945.pdf>
- [https://www.juntadeandalucia.es/export/drupaljda/150309\\_YoMiroDesdeLaIgualdad.pdf](https://www.juntadeandalucia.es/export/drupaljda/150309_YoMiroDesdeLaIgualdad.pdf)
- <https://masoportunidades.org/100-libros-online-gratuitos-mujeres-lucharon-la-igualdad-genero/>
- <https://www.zaragoza.es/cont/paginas/noticias/aprendiendoaseriguales.pdf>
- - **Digan o que digan.** Autor: Área de asuntos sociales. Ayuntamiento Portugalete. Colección: Cuentos por tu igualdad.

<http://www.educarenigualdad.org/cuentos-portu-igualdad-digan-lo-que-digan>

- - **Chicas ao rescate.** Autor: Brucelansky. Ed Anaya  
[http://www.anayainfantilyjuvenil.com/catalogos/proyectos\\_lectura/IJ00007602\\_1.pdf](http://www.anayainfantilyjuvenil.com/catalogos/proyectos_lectura/IJ00007602_1.pdf)
- A igualdade empeza na casa:  
<https://www.youtube.com/watch?v=WKRIO3xS27A>
- Dereito á igualdade e non discriminación:  
<https://www.youtube.com/watch?v=kvNcOZd5SAk>
  - Diversidade: <https://www.youtube.com/watch?v=BIg4RV3-c-s>
  - Corto animado: <https://www.youtube.com/watch?v=OHma93eZiBY>
  - Igualdade de oportunidades:  
<https://www.youtube.com/watch?v=biuTBUjbOLA>
  - Equidade e Igualdade:  
[https://www.youtube.com/watch?v=YBhh3CBQx\\_U](https://www.youtube.com/watch?v=YBhh3CBQx_U)
  - Equidade de xénero:  
<https://www.youtube.com/watch?v=SK5J7u1DzEs>
- [www.educarenigualdad.org](http://www.educarenigualdad.org) (información general, recursos...)

- <https://www.youtube.com/watch?v=-4o6tQkIdwo>
- <https://www.youtube.com/watch?v=qzl5Cv8bWws>
- <https://www.youtube.com/watch?v=APF2wBZizo4>
- <https://www.youtube.com/watch?v=Wyy2tqIX1c>
- [https://www.youtube.com/watch?v=j7f\\_c5XhX4s](https://www.youtube.com/watch?v=j7f_c5XhX4s)
- <http://www.aikaeducacion.com/recursos/seis-videos-para-educar-en-igualdad-de-genero/>